

# ***Auga e Lume***

**Pere Tobaruela**



**BAÍA EDICIÓN S**

*AUGA E LUME,*  
de  
Pere Tobaruela  
obtivo no ano 2018, *ex aequo*,  
o VIII Premio de Literatura Infantil e Xuvenil  
Meiga Moira convocado por Baía Edicións.  
O Xurado estivo composto por  
Marica Campo,  
actuando como Presidenta,  
Héctor Cajaraville, Dores Fernández López,  
Belén López Vázquez e Andrea Macciras

**F**álase dun pergamiño de primeiros do século IV, cando as terras galegas formaban parte da provincia romana da Gallaecia. Este pergamiño facía referencia a uns feitos que daquela supostamente cambiaron o curso da historia do mundo.

Trataríase dun texto nun avanzado estado de deterioración e asinado coas iniciais CM.

Nunha pequenísima parte que se conservou máis ou menos intacta, podíase ler un primeiro parágrafo:

A HISTORIA DA FONTE DA VIDA ESTÁ INTIMAMENTE LIGADA COS ARDUANOS, UN POBO PROCEDENTE DE ILLA ARDUANIA, SITUADA AO NOROESTE DA BRITANIA, E QUE HABITAN O TERRITORIO QUE ELES MESMOS DENOMINAN AS TERRAS CREBADAS, UN CONXUNTO DE MONTAÑAS LOCALIZADO NA BEIRA DO MAR DE AROUSA

As Terras Crebadas dos arduanos coincidirían co que hoxe se coñece como o macizo do Barbanza, un sistema montañoso que hai na península homónima entre as rías de Muros-Noia e a de Arousa (Mar de Arousa, en tempo dos romanos).

No pergamiño de CM podíase ler un par de parágrafos máis:

NO ANO 320 OS ALICERCES DO NOÑO MUNDO EMPE~  
ZARON A TREMER E O RUMBO DA NOSA HISTORIA  
HOUBO DE DEVALAR. A FONTE DA VIDA, UNHA ES~  
PECIE DE

Disque unha mancha negra impedía saber que é esta «Fonte da Vida».

Máis abaixo atoparíase un derradeiro parágrafo:

QUEN O IA DICIR!, NUN RECUNCHO DO IMPERIO, AS TE~  
RRAS CREBADAS, OS ARDUANOS, SEMPRE DISPOSTOS  
A LOITAR CONTRA OS ROMANOS PARA MANTEREN  
A SÚA INDEPENDENCIA, CONVERTERIANSE NOS PRO~  
TAGONISTAS

Isto é todo o que se podería ler deste pergamiño asinado coas iniciais CM.

# Parte Primeira

A Dama da Auga

Cidade imperial de Tarraco. Ano 320.

Rematou o verán pero aínda vai calor. Nas rúas da capital da provincia Tarraconense non hai nin unha alma. É mediodía e o bochorno é insoportable.

O soldado que lle trouxo o papiro ao procónsul Octavio Rómulo sae da sala. O máximo mandatario provincial, todo suado, está sentado nunha butaca.

—Novas do Norte, por fin! —exclama mentres desenrola o papiro.

O seu asesor persoal asente coa cabeza e mantense á espera. O ambiente que se respira na sala é tenso. Octavio Rómulo está convencido de que aquela mensaxe é portadora de malas novas.

O procónsul érguese da butaca e diríxese cara a unha das xanelas. Está nervioso e ten reseca a boca e a gorxa. Cústalle tragar saliva. Fóra, na rúa, vai un sol de xustiza.

—Unha pouca auga —pídelle ao seu asesor mentres empeza a ler o papiro.

Canto máis avanza na lectura, a súa perplexidade aumenta.

O asesor persoal ofrécelle unha cunca de auga ben fresca. O procónsul cóllea pero non bebe nin un grollo. Un tic na pálpebra do ollo dereito delata o seu nerviosismo.

—Te... teño que... poñer ao corrente o Emperador! —di, tatexando—. Has redactar unha misiva e fareilla chegar coa máxima urxencia!

O asesor persoal actúa solicitamente. E ao cabo dun anaco o mesmo soldado de antes sae á carreira da casa do procónsul. Un trirreme agarda por el no peirao de Tarraco. O comandante Dolabella está ao mando da nave de guerra romana, e ten orde de partir inmediatamente cara a Roma.

Dolabella é a persoa idónea para levar a bo porto o encargo de Octavio Rómulo. O comandante é un lobo de mar de corenta e cinco anos que leva máis de trinta navegando polo Mare Nostrum. Coñéceo como a palma da man.

## dous

O comandante Dolabella ten novas de que nos últimos días os piratas afundiron media ducia de embarcacións romanas. O seu trirreme é moi rápido pero hai naves piratas que aínda o son máis.

Dolabella correu perigos de todo tipo, mais sempre se saíu coa súa. O procónsul Octavio Rómulo confía cegamente nel. Por iso lle encargou a misión de levar aquela mensaxe urxente ao Emperador.

—Non podemos baixar a garda. Os piratas son moi destemidos. Que a tripulación se manteña alerta! —dille o comandante a Marcelo, o seu segundo de a bordo.

—Non vos preocupedes, todo o mundo está no seu lugar.

Marcelo despídese do comandante. Dolabella vai á súa cabina e, ao chegar, abre o pequeno cofre de madeira de carballo no que gardou o papiro que lle confiou o procónsul.

Desde que partiron de Tarraco ten unha premonición, como se fose pasar unha desgraza. Levan case unha xornada de navegación e non consegue sacar da cabeza a idea de ser abordados polos piratas. E que fracase a misión que lle encomendaron.

Marcelo irrompe de súpeto na cabina.

—Comandante! Tiñades razón. Avistamos tres naves piratas por estribor!

—A canta distancia?

—Varias millas, pero teñen o vento favorable.



—Vai subindo á cuberta. Agora mesmo irei eu! Que os homes se preparen para a abordaxe!

O segundo de a bordo marcha. «Malditos sexan», bisba Dolabella mentres colle o papiro. Dadas as circunstancias, decide que o mellor será memorizar aquel escrito, non sexa o caso que se extravíe ou que caía en mans inimigas. E despois de memorizalo, destruírao.

Le a misiva nun intre, pero, en cambio, tarda un bo anaco en reaccionar. Queda pampo ante as novas que ten que facer chegar ao Emperador. E agora entende a urxencia da súa partida. Queima o papiro e sae coma un lóstrego da súa cabina.

—Cal é a situación? —pregúntalle ao seu segundo.

—As tres naves piratas aínda se manteñen a unha certa distancia! Están á expectativa dos nosos movementos!

O comandante Dolabella valora a situación.

«Non hai nada que facer», conclúe para si.

Deseguido ordénalle ao seu home de confianza que reúna a tripulación.

\* \* \* \* \*

A tripulación escoita con atención ao comandante Dolabella:

—Como xa vos dixen antes de partir, imos a Roma en misión de recoñecemento. Agora estamos rodeados por tres naves piratas e non temos escapatoria. Así que intentarei negociar a nosa rendición.

Ninguén di nada. Aínda así, máis de un mariñeiro pensa que é moi estraño que Dolabella non faga fronte a aqueles piratas. O que non saben os membros da tripulación romana é que o seu comandante decidiu renderse porque, como

tivo ocasión de comprobar ao ler o papiro, a misión que lle encomendaron é demasiado importante como para tomar calquera decisión arriscada.

O comandante deulle voltas á cuestión. E chegou á conclusión de que, se capitulaban, tería a posibilidade, por pequena que fose, de facer chegar ao Emperador a mensaxe do procónsul Octavio Rómulo. Un enfrontamento aberto contra tres naves piratas era case un suicidio.

\* \* \* \* \*

Como era de prever, foi unha rendición total e incondicional. Dolabella é plenamente consciente, pero non tivo outra alternativa.

É noite e vai moita humidade. Os membros da tripulación romana foron repartidos polas embarcacións piratas. Os seus raptos berráronlles seguido mentres os ataron de pés e mans, antes de pechalos nunhas grandes gaiolas de madeira que hai na cuberta de cada unha das naves. Venderanos nun mercado de escravos da costa oriental do Mare Nostrum.

Dolabella e o seu segundo están xunto a unha ducia de mariñeiros.

—Ti, ven comigo! —ordena un pirata sinalando co dedo ao comandante—. Cataro, o noso capitán, quere falar contigo!

O oficial romano incorpórase e espera que o desate. O pirata, con cara de poucos amigos, lévao á cabina de Cataro. O capitán dos piratas está sentado á mesa cunha cunca de viño na man dereita.

—É da Galia e está exquisito —recibe efusivamente ao seu invitado—. Hai pouco abordamos un barco mercante romano.

Dolabella non se inmuta co comentario e sorri. Isto provoca unha reacción irada de Cataro, que tira polo chan a cunca.

—Sodes demasiado orgullosos os romanos! —exclama.

E como se non pasara nada, volve encher de viño outra cunca. O comandante recolle do chan a que caera e, cun ton de voz conciliador, preséntase:

—Son o comandante Dolabella.

—Éme moi estraño ver unha embarcación de guerra romana navegar soa nestas augas —di secamente Cataro—. Cal é a vosa misión?

O capitán dos piratas non está para perder o tempo e vai directo ao gran.

—Dirixiámonos a Roma. O procónsul de Tarraco orde-noume que puxera o meu tirreme ao dispor do comandante en xefe da frota imperial.

—O voso amado Emperador quizais está preocupado porque os piratas saqueamos as súas naves?

Cataro bebe viño copiosamente. E bota un longo anaco dicindo cousas inconexas. Dolabella escóitao sen acenar.

—Abonda por hoxe! Estou canso! —anuncia o pirata, por fin—. Xa continuaremos falando... Unha mágoa que non probarades este viño.

O xefe dos piratas, visiblemente bébedo, ordena que devolvan o romano á gaiola.

Marcelo alégrase cando ve o seu comandante.

—Temos que aproveitar a primeira oportunidade que teñamos, non queda outra —dille Dolabella—. É necesario que cheguemos a Roma como sexa!

## tres

Nun recuncho da Gallaecia, preto da desembocadura do río Sar, un grupo de labregos vendima un campo de viñas. O solpor anuncia que falta pouco para que remate a súa xornada de labor. Nesa época hai choio a esgalla. Pero esta xente está afeita ao traballo duro.

O val baixo do Sar é coñecido en todo o Imperio romano pola excelencia dos seus viños. Na comarca é fácil atopar extensas plantacións de viña. E cada ano ducias de barcos cargados de viño saen do porto de Iria, con destino Roma e algunhas das cidades máis importantes do Imperio.

Hai un viño especialmente destacado nesta comarca que tan só se serve na mesa do Emperador. Chámase Costa de Iria. Denomínase así porque as viñas que o producen están situadas dacabalo do río e as suaves costas das montañas que delimitan o val baixo, unhas terras onde abundan solos ricos en nutrientes. Isto e mais as excelentes condicións meteorolóxicas fai que a calidade deste caldo sexa óptima e satisfaga os padais máis esixentes.

O grupo de labregos está vendimando, precisamente, nas viñas do Costa de Iria. O capataz chámase Gaulo e traballa para o tribuno Xusto, o responsable civil e militar da cidade de Iria.

\* \* \* \* \*

Unha luz cobreada tinxe a paisaxe. Parece que o ceo sangra. O perfil dos suaves cumios das montañas da con-

torna debúxanse no horizonte máis próximo. Río abaixo, o Mar de Arousa está sereno.

A carón dun castiñeiro, tres soldados están pendentes dos movementos dos labregos. Non os están vixiando. Os militares fan a rolda e pararon para descansaren un intre e, de paso, gozar do solpor.

Os labregos, unha vez rematado o traballo, enfían o camiño de volta para as súas casas. Todos viven en Iria, excepto o capataz Gaulo, que se instalou coa familia nun lugar solitario coñecido como as Augas Mortas, situado a unha milla de Iria.

—Estou preocupado —comenta Gaulo en voz alta con aceno serio—. Coido que os arduanos levan tempo demasiado axitados.

—Seica os soldados reforzaron a vixilancia —di un dos homes que vai con el.

—Os arduanos! —funga o capataz.

E non fai ningún comentario máis.

Cando chegan ao desvío que leva cara ás Augas Mortas, Gaulo despídese dos seus homes cun discreto movemento de cabeza. Pouco despois, chega á casa aínda cos arduanos dándolle voltas pola cabeza. Flavia, a súa muller, ten a mesa lista e a cea a punto.

A parella ten dous fillos: Deva, de dezasete anos recentemente feitos, que recibe con ledicia ao pai, e o pequeno Marco, un meniño de seis meses, que xa dorme.

—Hoxe traballei moito e estou derreada!

—Boas noites, filla! —contesta Gaulo, cun ton de voz seco.

—Pai, pasou algo? —interésase Deva.

—Veña, non dicías que estabas morta? Vai durmir, que xa é tarde —intervén Flavia.

Deva dálle un bico ao pai e vai para a cama. Gaulo senta á mesa. Pero, a pesar de que sempre cea con ganas, apenas proba bocado.

—Mañá a primeira hora teño xuntanza co tribuno Xusto —di—. Voulle falar dos arduanos... Isto non pode seguir así.

\* \* \* \* \*

Gaulo quedou cedo co tribuno e marchou das Augas Mortas logo que saíu o sol. Agora camiña entre campos de viña. As augas do Sar baixan tranquilas cara ao Mar de Arousa. Ao fondo, vense as casas de Iria.

O capataz non tarda moito en chegar á vila. Unha vez deixa atrás as primeiras edificacións, pasa a carón do peirao e colle cara á casa do tribuno Xusto. Na porta atópase con Rurina, a irmá da súa muller. A cuñada traballa naquela residencia desde hai moitos anos. Flavia tamén serviu alí durante case un lustro. Deixouno ao ir vivir co home.

—Bos días, Gaulo! —saúdao Rurina—. Que fas por aquí?

—Ola! Quedei co tribuno.

A muller terá uns cincuenta anos —é bastante máis vella que Flavia—, pero loura, cos ollos azuis e delgada como é, aparenta moitos menos.

—Vou avisalo. Onte foi tarde para a cama.

—Non o apures, logo. Dispoño de toda a mañá. A miña colla agarda por min á primeira hora da tarde.

Rurina acompaña a Gaulo ata a sala onde o tribuno Xusto recibe as visitas. Convídao a sentar nunha cadeira.

—Queres tomar algo?

—Almorcei na casa. Apetéceme só unha pouca auga.

A muller sérvelle auga fresca cun chisco de limón nunha cunca mentres lle conta as novas familiares:

—Teño o fillo máis vello con vómitos. Nada do outro mundo. Xa sabes que el sempre colle de todo... O máis novo non apaña nin un simple constipado. Son tan diferentes!

Gaulo bebe ata a última pinga da auga con limón. Rurina bóttalle máis na cunca sen deixar de falar:

—Hoxe teño moito traballo na cociña. Xusto convidou o tribuno de Catoira. Así que che teño que deixar!

E meu dito e meu feito, Rurina marcha ás carreiras.

—Dálle recordos a miña irmá! —di desde a porta.

\* \* \* \* \*

Pouco despois de marchar Rurina, o tribuno de Iria entra na sala.

—Querido Gaulo, perdoa pola miña tardanza —descúlpase e senta na súa mesa de traballo.

—Non vos preocupedes. Faltaría máis.

Cumpridas as formalidades, empeza a reunión. Gaulo céntrase en asuntos estritamente agrícolas. Neste sentido as cousas non poden ir mellor: este ano a calidade da uva é magnífica e superou de lonxe a do ano pasado. O tribuno non pode disimular a súa felicidade.

—Alégrome! Es un home moi traballador e, contigo á fronte, todo vai mellor que mellor!

Gaulo decide aproveitar que o vento sopra a favor para introducir os arduanos na conversa.

—Ademais do traballo, quereríavos comentar un asunto sobre os arduanos —di como aquel que non quere a cousa—. A pesar de que había meses que estaban tranquilos, agora vólvennos dar algúns problemas...

—Por iso mandei reforzar a vixilancia. Pasou algo do que eu teña que estar ao corrente?

—Pequenas desfeitas nalgunhas plantacións... Pero, se vos son sincero, nótoos máis agresivos que de costume...

—Pensas que teríamos que tomar medidas máis severas, logo?

—Non me precipitaría. Se me permitides, quero facer-vos unha proposta.

Gaulo apura a cunca de auga con limón.

—Como xa sabedes –continúa–, eu mesmo son arduano.

O tribuno asente coa cabeza.

—Ofrézome para ir falar co señor dos arduanos ao seu territorio, As Terras Crebadas. Eu só, sen soldados.

—Se pensas que é o mellor, estou de acordo. Confío plenamente en ti. Pero ten cautela. E, sobre todo, pido que me teñas ben informado. Hoxe mesmo, aproveitando que vén xantar, falarei co tribuno de Catoira sobre este asunto.

\* \* \* \* \*

Gaulo marcha desacougado da residencia do tribuno de Iria. «Quizais non lle tiven que dicir nada», dubida. Prevé como reaccionará o tribuno de Catoira cando Xusto comparta con el o que acaban de falar. Lucio, así se chama o tribuno da vila veciña, é un home belicoso.

Durante a tarde, Gaulo deixa a un lado estas preocupacións e concéntrase na vendima. Despois de cear, reúne a súa muller e a súa filla Deva.

—Mañá ao amencer hei partir cara ás Terras Crebadas –dilles–. Ti, Deva, virás comigo. Xa é hora de que coñezas as túas orixes arduanas!



Os ollos profundamente negros da rapaza delatan a súa emoción.

—Teño que falar con meu irmán —prosegue Gaulo—. Está a pasar algo que non alcanzo a entender. Os arduanos están demasiado inquietos. E temo as represalias dos romanos.

Flavia érguese da cadeira en silencio e achégase ao seu home. Os dous fúndense nunha cálida e longa aperta. Deva non dubida en sumarse.

—Imos para a cama —di a muller pasado un anaco—. Mañá será outro día.

Fóra é noite pecha. O manto negro acubilla os homes que se aproximaron con sixilo á casa da familia de Gaulo. Son dous soldados de Lucio, o tribuno de Catoira.

## catro

**N**oite de lúa nova. Na cuberta da nave pirata non se ve a un palmo de distancia. A escuridade é mesta.

O comandante Dolabella, pechado na gaiola, non para de darlle voltas á mesma cuestión: «Teño que matinar un plan. Hei escapar como sexa. E rápido!».

Marcelo está estirado ao seu carón. Non consegue durmir. Está preocupado pola situación en que se atopan. Dolabella non pode evitar transmitirle os seus pensamentos:

—Coido que Cataro dubida da miña versión de que iamos a Roma pararnos ás ordes do comandante en xefe da frota imperial.

—Ese era o noso cometido, non si? —di Marcelo—. Ou hai algo que non me dixestes?

A pregunta colle por sorpresa a Dolabella, que se dá conta de que non mediu ben as súas palabras e acaba de poñerse en evidencia diante do seu segundo.

—Dicídeme, comandante, agochádesme información?

Marcelo incorpórase en silencio.

—Estás no certo —di con franqueza Dolabella—. O obxectivo da nosa misión é outro. Ninguén da tripulación tiña que saber nada...

—Por que tanto segredo? Sempre fostes honesto comigo...

—Lembras que levamos áncoras ás présas de Tarraço. O procónsul ordenoume levarlle unha mensaxe urgente

ao Emperador... Confioume un papiro que, segundo as súas instrucións, non podía ler nin eu mesmo. Con todo, cando albiscamos as naves piratas, contravín as súas ordes e abríno. Pensei que era a mellor opción. Estabamos rodeados e as posibilidades de escapatoria eran nulas... Si, xa o sei, non me mires así. Puidemos loitar contra estes miserables. Pero, seguramente, agora estaríamos mortos no fondo do mar. E iso non podía ser. A mensaxe ten que chegar inescusablemente ao seu destinatario.

—Entendo o que dices, comandante.

—Non se fale máis. Agora, escoita con atención...

Dolabella decidiu compartir con Marcelo o contido do papiro. Chegou á conclusión de que desta forma se duplicaban as probabilidades de éxito da misión. Así el non será o único que, ademais do procónsul, estará ao corrente das novas que se explican na misteriosa misiva. Mais antes de empezar fai un longo silencio. Parece como se quixese sopesar meticulosamente o que vai dicir. Marcelo está aparentemente tranquilo. Aínda que a procesión vai por dentro.

—Algo terrible está a pasar ao Norte da provincia Tarraconense —afirma por fin o comandante Dolabella.

Feito este primeiro comentario, explícalle polo miúdo as inquietantes «novas do Norte». Marcelo, ao escoitalas, palidece da impresión. Non sabe que dicir. Aquilo parécelle inverosímil.

—Pensades que a situación é irreversible, señor?

\* \* \* \* \*

Pola mañá, o vento enche as velas das embarcacións piratas, que avanza velozes. Non hai nin unha nube no ceo e o sol quente ben.

—Un magnífico día para navegar —recoñece Marcelo.

—Non fai falta que o xures —di o comandante Dolabella—. Estamos preto da costa occidental de Corsica. Imos cara ao Sur.

A convulsa orografía da illa de Corsica pódese apreciar con toda claridade grazas á transparencia da atmosfera.

—Na parte meridional hai un pequeno illote que aproveitan os piratas para descansar e aprovisionarse —apunta Dolabella—. Se por casualidade tiveran pensado ir ata alí, sería unha boa oportunidade para poñer en marcha o noso plan.

Durante a pasada noite o comandante e o seu segundo argallaron a posible fuga. Chamar a atención dos piratas para que entraran na gaiola e aproveitar a ocasión para reducilos como sexa. Logo, sen perda de tempo, tiraríanse pola borda. Tanto Dolabella como Marcelo son uns excelentes nadadores. Pero necesitaban estar preto da costa para non morrer no intento.

—O único que me preocupa é o resto da nosa tripulación —di Marcelo—. E se os piratas tomasen represalias pola nosa fuga?

—Non lles farán nada. Diso estou seguro. Son un botín demasiado suculento como para estragalo. Nos mercados de escravos de Oriente estes piratas quitarán un bo proveito por eles. Por outro lado, a nosa misión é máis importante que a vida da nosa tripulación, e que a nosa propia. Ás veces os soldados temos que asumir sacrificios —sentencia Dolabella.

\* \* \* \* \*

As naves piratas aproxímanse cada vez máis a Corsica. As montañas da illa, vistas de cerca, son realmente imponentes.

O comandante Dolabella decide que chegou o momento de mover ficha. As circunstancias sonlles favorables. Calcula que están a tres millas escasas da costa. Se conseguen escapar, en Corsica será doado atopar unha nave romana que os leve ata Roma.

—Estás listo? —dille a Marcelo.

Daquela chama por un dos piratas que está de garda.

—Quero falar con Cataro! —berra.

O pirata non lle fai caso. Pero Dolabella insiste na súa petición:

—Dille ao teu xefe que o que lle teño que dicir vai gustarlle moito!

O pirata, a desgana, diríxese á cabina do seu capitán. En breve está de volta e chama por tres dos seus compañeiros. Deseguido abre a gaiola e entra mentres os outros piratas esperan fóra. Dolabella dá un chimpio e colle desprevido o pirata. A pesar de que está atado de pés e mans, salta enriba del e tírao ao chan. A espada do pirata cae a carón de Marcelo. O segundo de Dolabella, cun movemento áxil e rápido, ponse de costas enriba da espada e consegue cortar as cordas dos pulsos. Rapidamente corta a dos pés e libera a Dolabella. O comandante precipítase contra os outros tres piratas, que entraron na prisión para axudaren ao seu compañeiro. Marcelo corre a botarlle unha man. O resto da tripulación romana que hai na gaiola participa na liorta como pode: dan patadas, poñen cambadelas, traban, cospen, empuxan... Entre todos non tardan en reducir os piratas.

Dolabella e Marcelo desatan os seus homes. E saen, decididos, da gaiola. Pero, para a súa sorpresa, empezan a aparecer piratas por todas as partes. Son unha chea deles.

—Pensabades que ía ser tan doado! —óese detrás daquela muralla humana.

Os piratas abren paso a Cataro.

—Xa volo dixen: o romanos sodes demasiado orgullosos! —exclama—. E pensades que o mundo é voso e podeades facer o que vos pete!

Marcelo, nun acceso de rabia, intenta botarse ao pescozo de Cataro, pero o comandante Dolabella reteno.

—Pechade na gaiola a todos menos a este par de infelices —ordena o capitán dos piratas, referíndose a Dolabella e mais Marcelo—. Atádeos máis forte aínda e amarrádeos ao mastro maior. Tirarémolos pola borda cando esteamos lonxe da costa! —sentencia finalmente.